

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6232 *Real decreto lei 22/2020, do 16 de xuño, polo que se regula a creación do Fondo Covid-19 e se establecen as regras relativas á súa distribución e libramento.*

I

A pandemia ocasionada polo coronavirus COVID-19 está a provocar unha emerxencia sanitaria, económica e social sen precedentes a nivel mundial. Desde que o día 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde a elevou a pandemia internacional, o Goberno de España, facendo uso da habilitación que outorga a Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por este virus, que inclúe, entre outras cuestións, limitacións á liberdade de circulación, cos efectos que iso supón para traballadores, empresas e cidadáns.

A pandemia está a ocasionar un severo impacto sanitario, social e económico e a súa estabilización e posible erradicación vai implicar un longo e custoso proceso, especialmente no ámbito sanitario. Ante esta situación, o Goberno está respondendo mediante a adopción de medidas orientadas a reforzar o sistema sanitario e a contrarrestar os efectos que a paralización da actividade económica está provocando en numerosos ámbitos, coas conseguíntes perdas de rendas para familias e traballadores, así como para as diferentes empresas e sectores da economía española.

De entre algunhas destas medidas aprobadas polo Estado, destaca a distribución de recursos adicionais en materia de sanidade e servizos sociais, mediante o Fondo Social Extraordinario, dotado con 300 millóns de euros, o fondo dotado polo Ministerio de Sanidade de 1.000 millóns de euros dos cales xa se distribuíron 300 millóns de euros, as prestacións en favor de familias beneficiarias de axudas ou bolsas de comedor, por un total de 25 millóns de euros, e as achegas adicionais de 100 millóns de euros ao Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Neste contexto, é especialmente relevante o papel que desempeñan as comunidades autónomas na prestación de servizos públicos fundamentais como a educación, os servizos sociais e, en especial nestes momentos, a sanidade, que está afrontando un incremento na demanda asistencial provocada pola pandemia. As comunidades autónomas, ademais de afrontaren incrementos de gastos nas súas contas como consecuencia da pandemia, fano ante un freo na actividade económica, que vai supor previsiblemente unha significativa diminución dos recursos dispoñibles para dar cobertura a estes servizos públicos.

Por tanto, se esta pandemia vai afectar as finanzas públicas, indubidablemente impactará nas contas das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía que, de non recibiren o necesario e inmediato apoio financeiro, verán minguada a súa capacidade de resposta ante esta crise, e que afectará, en consecuencia, a súa resposta non só no ámbito sanitario e social, senón tamén no resto de servizos que lles son propios.

Ante esta extraordinaria e urxente necesidade, e na súa defensa do Estado do benestar, o Goberno asumiu o compromiso de tomar medidas que permitan situar as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía nunha posición financeira que lles permita seguir prestando os servizos públicos esenciais que son da súa competencia, asumir os impactos ocasionados pola pandemia e eludir as tensións de tesouraría que a súa resposta ante esta crise lles está provocando.

Unha mostra deste compromiso é a actualización das entregas á conta dos recursos suxeitos a liquidación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, que se produciu pola aprobación do Real decreto lei 7/2020, do 12 de

marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19.

Un paso máis nestas medidas extraordinarias e urxentes de reforzo é a creación por parte do Goberno do Fondo COVID-19, obxecto de regulación neste real decreto lei, dotado cun crédito extraordinario de 16.000 millóns de euros.

O Fondo COVID-19 configúrase como un fondo excepcional de carácter orzamentario, cuxo obxecto é dotar de maior financiamento mediante transferencias as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, para facer fronte á incidencia orzamentaria derivada da crise orixinada polo COVID-19.

Estas transferencias distribuiranse entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía sobre a base de, entre outros, criterios poboacionais e de incidencia do virus. Todo isto co obxectivo de que, a pesar de que a crise sanitaria está tendo un impacto desigual nas comunidades autónomas, a especial incidencia nalgúns territorios non lastre as súas finanzas e poidan facer fronte a esta situación extraordinaria e excepcional con carácter de urxencia.

Trátase, así mesmo, de recursos adicionais e independentes do Sistema de financiamento autonómico e dos fondos extraordinarios de liquidez, polo que, en ningún caso, o desembolso do Fondo suporá que as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía reciban menos recursos polo Sistema de financiamento autonómico ou vexan reducido o seu acceso aos mecanismos extraordinarios de liquidez, que seguen plenamente vixentes.

Por outro lado, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece, no seu artigo 32, que o superávit alcanzado por Estado, comunidades autónomas e corporacións locais debe ir destinado a reducir o nivel de endebedamento neto. Posteriormente, establecéronse regras especiais nesta materia, a través de medidas de flexibilidade no destino do superávit, que se aplicaron ás comunidades autónomas coa aprobación da disposición adicional centésimo décimo sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que prevía a posibilidade de destinar o superávit orzamentario das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía a investimentos financeiramente sustentables sempre que cumprisen determinados requisitos e regras fiscais que garantisen a estabilidade orzamentaria e a súa sustentabilidade financeira. A aplicación desta norma prorrogouse mediante o Real decreto lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financeiramente sustentables e se adoptan outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional. Estas medidas tiñan como obxectivo que os superávits que se empezaban a xerar se destinasen parcialmente á recuperación do investimento público no subsector comunidades autónomas, que fora un dos compoñentes do gasto público máis afectados pola crise.

A crise financeira derivada da pandemia provocada polo COVID-19 supuxo que as administracións públicas que acadaran os seus obxectivos fiscais a medio prazo se aparten temporalmente da senda de consolidación fiscal dos últimos anos, e provocou un impacto profundo e repentino nas finanzas públicas que exige acometer unha reorientación das capacidades financeiras das comunidades autónomas para cubrir os gastos extraordinarios en sectores socialmente sensibles e a brusca redución de ingresos derivada da paralización da actividade económica. Este efecto nos ingresos é aínda máis significativo nas comunidades autónomas cun espazo tributario propio máis amplo e que coinciden coas que acumularan máis superávits orzamentarios até 2019.

En atención ao anterior, no presente real decreto lei establécese, con carácter excepcional en 2020, que as comunidades autónomas con superávit pendente de aplicación no momento do peche de 2019 cumpren o artigo 32 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e as súas regras especiais mencionadas, se destinan ese superávit a atender as necesidades de financiamento do déficit rexistrado no exercicio 2020 como consecuencia da redución de ingresos derivada da crise sanitaria polo COVID-19 sen incrementar o seu nivel de endebedamento neto no

importe do dito superávit. Con iso aténdese de forma máis eficaz a finalidade desta norma, evitando que reducións de endebedamento desacompañadas da realidade orzamentaria das administracións afectadas exixan posteriormente formalizar operacións de endebedamento adicionais nun contexto de grande incerteza nos mercados financeiros e que pode afectar negativamente a súa sustentabilidade financeira.

II

É razoable considerar que os cambios normativos necesarios para habilitar a dotación dun crédito orzamentario destas características non poden ser aprobados mediante o procedemento ordinario de tramitación parlamentaria. Isto implicaría que, até a aprobación de tales reformas lexislativas, non habería unha dotación de recursos suficiente para dar cobertura ás necesidades financeiras inmediatas das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía. Así mesmo, as medidas adoptadas configúranse como medidas excepcionais, urxentes, puntuais e conxunturais que non afectan o réxime das comunidades autónomas. Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

A adopción de medidas de carácter económico mediante real decreto lei foi avalada polo Tribunal Constitucional sempre que concorra unha motivación explícita e razoada da necesidade, entendendo por tal que a conxuntura económica exige unha rápida resposta, e a urxencia, asumindo como tal que a dilación no tempo da adopción da medida de que se trate mediante unha tramitación pola canle normativa ordinaria podería xerar algún prexuízo.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente ten exixido o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3, e 189/2005, do 7 xullo, F. 3), remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación de tal procedemento non depende do Goberno. Ningunha dúbida ofrece que a situación que afronta o noso país pola declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional e as súas consecuencias económicas xeran a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas.

A extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC, do 30 de xaneiro de 2019, Recurso de inconstitucionalidade núm. 2208/2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e da saúde pública. Os motivos de oportunidade que se acaban de expor demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Pola contra, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Débesse sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

III

Este real decreto lei estrutúrase nun preámbulo, tres artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

No artigo 1 recóllese a autorización para dotar un crédito extraordinario que financie o Fondo COVID-19. Con cargo a este crédito realizaranse as correspondentes transferencias ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía. Destaca o carácter non condicionado das transferencias realizadas con cargo a esta dotación, polo que será responsabilidade das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía destinar estes recursos á finalidade para a cal foron concedidos. Así mesmo, prevese que as comunidades e cidades con estatuto de autonomía poidan habilitar créditos orzamentarios para facer fronte aos gastos asumidos pola pandemia.

O artigo 2 establece que o Fondo ten por finalidade financiar as necesidades orzamentarias das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía derivadas da crise do COVID-19. Estipula, ademais, os tramos, os criterios para a súa distribución e a súa consideración para efectos do previsto no artigo 12.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En concreto, son catro os tramos en que se divide o Fondo COVID-19. Fundamentalmente, os tramos 1 e 2 repartiranse sobre a base de criterios representativos de gasto sanitario, o tramo 3 repartirase sobre a base de criterios representativos de gasto en educación, e o tramo 4 repartirase, principalmente, sobre a base de criterios relacionados coa diminución dos ingresos pola caída da actividade económica.

En relación cos criterios de distribución do tramo 4 vinculados aos tributos cedidos, estes establecéronse sobre a base do informe, emitido para o efecto, do Consello Superior para a Dirección e Coordinación da Xestión Tributaria.

O artigo 3 detalla o procedemento para determinar a distribución definitiva dos recursos de cada tramo entre as comunidades autónomas e, de ser o caso, cidades con estatuto de autonomía, e o procedemento para o libramento de tales fondos.

A disposición adicional primeira recolle as especialidades relativas á Comunidade Autónoma do País Vasco e á Comunidade Foral de Navarra.

A disposición adicional segunda establece, con carácter excepcional en 2020, que as comunidades autónomas con superávit pendente de aplicación no momento do peche de 2019 cumpren o artigo 32 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e as súas regras especiais mencionadas, se destinan ese superávit a atender as necesidades de financiamento do déficit rexistrado no exercicio 2020 como consecuencia da redución de ingresos derivada da crise sanitaria polo COVID-19 sen incrementar o seu nivel de endebedamento neto no importe do dito superávit.

A disposición adicional terceira establece que as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía poderán incorporar ao exercicio orzamentario de 2021 os remanentes dos créditos procedentes dos recursos transferidos con cargo ao Fondo COVID-19, de forma que poidan atender as obrigacións pendentes de imputar ao orzamento no momento do peche do exercicio 2020.

A disposición derradeira primeira regula as actuacións mediante videoconferencias nos procedementos de aplicación dos tributos co fin de favorecer o exercicio de dereitos e o cumprimento das obrigacións tributarias dos contribuíntes, sobre todo, nun contexto de nova normalidade xerado polos efectos da crise sanitaria xerada polo COVID-19.

O resto das disposicións derradeiras regulan a habilitación para ditar disposicións para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei, o título competencial, así como a súa entrada en vigor.

IV

Este real decreto lei responde aos principios de boa regulación de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamenta a medida que se establece, e é o real decreto lei o instrumento máis inmediato para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública, que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos leis. Por último, en relación co principio de eficiencia, neste real decreto lei procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns.

Por tanto, na medida que se adopta, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en facenda xeral.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Autorización dun crédito extraordinario para financiar o Fondo COVID-19.*

1. Concédese un crédito extraordinario na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, servizo 01 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local», programa 941 O «Outras transferencias a comunidades autónomas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 45 «A comunidades autónomas», concepto 459 «Outras transferencias a comunidades autónomas», subconcepto 00 «Fondo COVID-19», por un importe global de 16.000.000.000 de euros.

2. Ao crédito extraordinario concedido no punto anterior non serán aplicables as limitacións previstas no artigo 52 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. O crédito extraordinario que se concede no punto primeiro deste artigo financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

4. Con cargo ao crédito extraordinario realizaranse as correspondentes transferencias ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, co obxecto de dotalas de maior financiamento para facer fronte á incidencia orzamentaria orixinada pola crise do COVID-19 e permitirlles habilitar os créditos orzamentarios no seu orzamento de gastos.

5. As transferencias realizadas con cargo a esta dotación non terán carácter condicionado, polo que será responsabilidade das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía destinar estes recursos á finalidade para a cal foron concedidos.

Artigo 2. *Distribución do Fondo COVID-19 entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.*

1. O Fondo COVID-19 distribuirase por tramos entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e ten por finalidade financiar as necesidades orzamentarias derivadas da crise do COVID-19.

2. A distribución territorial do crédito a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei realizarase sobre a base dos tramos e criterios de distribución seguintes:

a) O importe do tramo 1, de 6.000.000.000 de euros, repartirase sobre a base dos seguintes criterios asociados, fundamentalmente, ao gasto sanitario:

1) O 35 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo os datos de poboación protexida equivalente polo Sistema nacional de

saúde, de 2020, distribuída en sete grupos de idade, consonte a metodoloxía descrita no informe do Grupo de traballo de análise do gasto sanitario publicado en setembro de 2007, tal e como consta no certificado emitido pola directora xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia (actual directora xeral de Carteira Común de Servizos do S.N.S. e Farmacia) o pasado 13 de febreiro de 2020, para os efectos do previsto no artigo 9.b) da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

2) O 30 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo o número de casos de COVID-19 notificados, de pacientes que precisaron ingreso na UCI en 30 de abril de 2020, conforme o certificado emitido o 3 de xuño pola directora xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

3) O 10 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo o número de probas realizadas mediante PCR, relacionadas co diagnóstico e seguimento do SARS-CoV-2, en 30 de abril de 2020, conforme o certificado emitido o 3 de xuño pola directora xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

4) O 25 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo o número de casos de COVID-19 notificados, de pacientes que precisaron hospitalización en 30 de abril de 2020, conforme o certificado emitido o 3 de xuño pola directora xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

5) Así mesmo, asignarase a cada unha das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla un importe de 12 millóns de euros. Por tanto, o importe do tramo que se distribuirá entre as comunidades autónomas de réxime común será o resultado de minorar, do importe deste, os recursos asignados ás cidades con estatuto de autonomía e á participación das comunidades de réxime foral, que se determinará de acordo cos criterios establecidos nos puntos anteriores.

b) O importe do tramo 2, de 3.000.000.000 de euros, repartirase sobre a base dos seguintes criterios asociados, fundamentalmente, ao gasto sanitario:

1) O 45 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo os datos de poboación protexida equivalente polo Sistema nacional de saúde, de 2020, distribuída en sete grupos de idade, consonte a metodoloxía descrita no informe do Grupo de traballo de análise do gasto sanitario, publicado en setembro de 2007, tal e como consta no certificado emitido pola directora xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia (actual directora xeral de Carteira Común de Servizos do S.N.S. e Farmacia) o pasado 13 de febreiro de 2020, para os efectos do previsto no artigo 9.b) da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

2) O 25 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo o número de casos de COVID-19 notificados, de pacientes que precisasen ingreso na UCI en 31 de outubro de 2020, conforme o certificado que emita para o efecto a persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

3) O 10 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo o número de probas realizadas mediante PCR, relacionadas co diagnóstico e seguimento do SARS-CoV-2, en 31 de outubro de 2020, conforme o certificado que emita para o efecto a persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

4) O 20 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo o número de casos de COVID-19 notificados, de pacientes que precisasen hospitalización en 31 de outubro de 2020, conforme o certificado que emita para o efecto a persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación.

5) Así mesmo, asignarase a cada unha das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla un importe de 6 millóns de euros. Por tanto, o importe do tramo que se distribuirá entre as comunidades autónomas de réxime común será o resultado de minorar, do importe deste, os recursos asignados ás cidades con estatuto de autonomía e á

participación das comunidades de réxime foral, que se determinará de acordo cos criterios establecidos nos puntos anteriores.

c) O importe do tramo 3, de 2.000.000.000 de euros, repartirase sobre a base dos seguintes criterios asociados, fundamentalmente, ao gasto en educación:

1) O 80 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común en función da poboación de 0 a 16 anos de cada Comunidade en 2019, segundo as cifras do padrón para cada comunidade autónoma, en 1 de xaneiro de 2019, de acordo coa definición contida no artigo 9.b) da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

2) O 20 % do seu importe, tendo en consideración o gasto en educación superior, distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común en función da poboación de 17 a 24 anos de cada Comunidade en 2019, segundo as cifras do padrón para cada comunidade autónoma, en 1 de xaneiro de 2019, de acordo coa definición equivalente á contida no artigo 9.b) da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

3) Así mesmo, asignarase a cada unha das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla un importe de 7 millóns de euros. Por tanto, o importe do tramo que se distribuirá entre as comunidades autónomas de réxime común será o resultado de minorar, do importe deste, os recursos asignados ás cidades con estatuto de autonomía e á participación das comunidades de réxime foral, que se determinará de acordo cos criterios establecidos nos puntos anteriores.

d) O importe do tramo 4, de 5.000.000.000 de euros, repartirase sobre a base dos seguintes criterios, asociados, fundamentalmente, á diminución dos ingresos pola caída da actividade económica.

1) Unha parte de 4.200.000.000 de euros distribuirase do seguinte modo:

a) O 60 % repartirase entre as comunidades autónomas de réxime común en función do peso relativo dos dereitos recoñecidos medios dos exercicios 2017, 2018 e 2019 de cada comunidade polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, polo imposto especial sobre determinados medios de transporte e polos tributos sobre o xogo, excluídos os pagamentos efectuados pola AEAT a cada comunidade nos exercicios indicados en relación co imposto sobre actividades de xogo. Os importes relativos aos dereitos recoñecidos dos tributos anteriormente indicados obteranse dos datos remitidos polas comunidades autónomas ao Ministerio de Facenda en aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria, e que se encontran publicados na central de información económico-financiera do Ministerio de Facenda.

b) O 40 % repartirase entre as comunidades autónomas de réxime común segundo a poboación axustada definitiva de 2019, calculada con base nas variables e ponderacións que figuran no artigo 9 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

2) Unha parte de 800.000.000 de euros distribuirase do seguinte modo:

a) O 34 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común, polos servizos regulares permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros interurbanos por estrada dentro do seu ámbito competencial, en función dos vehículos*km producidos no ano 2018, conforme o certificado que emita para o efecto a persoa titular da consellería competente de cada comunidade autónoma. Quedan excluídos deste punto os servizos desta clase incluídos no Consorcio Rexional de Transportes de Madrid e na Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona, e os correspondentes a Canarias.

b) O 49 % do seu importe distribuirase en función dos ingresos por tarifa correspondentes ao ano 2018 do Consorcio Rexional de Transportes de Madrid e da Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona, deducindo destas cantidades as achegas que correspondan ás entidades locais segundo o seu grao de participación nas ditas entidades ou das subvencións ou transferencias polas que participaron no seu

financiamento no ano 2018, conforme o certificado que emita para o efecto o presidente de cada un dos organismos sinalados anteriormente.

c) O 13 % do seu importe distribuirase entre as comunidades autónomas de réxime común titulares de servizos ferroviarios interurbanos e metropolitanos, non incluídos no Consorcio Rexional de Transportes de Madrid nin na Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona, en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018, conforme o certificado que emita para o efecto a persoa titular da consellería competente de cada comunidade autónoma.

d) O 4 % do seu importe asignarase á Comunidade Autónoma de Canarias polos servizos regulares permanentes de uso xeral de transporte de viaxeiros interurbanos por estrada dentro do seu ámbito territorial.

De acordo co artigo 3.4 do presente real decreto lei, a repartición territorial efectiva desta parte do tramo realizarase por orde ministerial da persoa titular do Ministerio de Facenda, con base no certificado do peso relativo da participación das comunidades autónomas de réxime común nesta parte do tramo, segundo os criterios establecidos nos parágrafos precedentes, que emita para o efecto o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

3. De acordo co previsto no artigo 2.1, e sen prexuízo do establecido no artigo 1.5, o importe do gasto en que incorra cada comunidade e cidade con estatuto de autonomía equivalente aos recursos asignados dos tramos 1, 2 e 3 terá a consideración de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Administración xeral do Estado, para os efectos do previsto no artigo 12.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Artigo 3. Procedemento para o libramento dos recursos do Fondo COVID-19 ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

1. No mes de xullo de 2020 e, en todo caso, tras a validación do presente real decreto lei, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Facenda determinarase a contía da distribución definitiva entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía dos recursos do tramo 1, previsto na letra a) do punto 2 do artigo 2, de acordo cos criterios establecidos no dito punto.

2. No mes de novembro de 2020, cando se dispoña dos datos definitivos para a determinación da repartición territorial dos recursos do tramo 2 de acordo cos criterios previstos na letra b) do punto 2 do artigo 2, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Facenda aprobarase a contía da distribución definitiva entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía dos recursos do dito tramo, de acordo con tales criterios.

3. No mes de setembro de 2020, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Facenda determinarase a contía da distribución definitiva entre as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía dos recursos do tramo 3, previsto na letra c) do punto 2 do artigo 2, de acordo cos criterios establecidos no dito punto.

4. No mes de novembro de 2020, mediante orde da persoa titular do Ministerio de Facenda determinarase a contía da distribución definitiva entre as comunidades autónomas de réxime común dos recursos do tramo 4, previsto na letra d) do punto 2 do artigo 2, de acordo cos criterios establecidos no dito punto.

5. As ordes ditadas pola persoa titular do Ministerio de Facenda polas cales, segundo os puntos anteriores, se aproben os importes das distribucións definitivas entre as comunidades autónomas e, de ser o caso, cidades con estatuto de autonomía dos recursos de cada tramo, deberán ser obxecto de publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

6. Tras a publicación das correspondentes ordes ministeriais, o libramento dos recursos do tramo 1 efectuarase no mes de xullo de 2020, o libramento dos recursos do tramo 2 efectuarase no mes de novembro de 2020, o libramento dos recursos do tramo 3 efectuarase no mes de setembro de 2020 e o do tramo 4 no mes de decembro de 2020.

Disposición adicional primeira. *Réximes forais.*

A participación da Comunidade Autónoma do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra nos tramos 1, 2 e 3 do Fondo establecerase, respectivamente, na Comisión Mixta do Concerto Económico e na Comisión Coordinadora do Convenio Económico.

A cobertura da diminución dos ingresos pola caída da actividade económica da Comunidade Autónoma do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra determinarase en termos de déficit e débeda pública no seo da Comisión Mixta do Concerto Económico e Comisión Coordinadora do Convenio Económico.

Disposición adicional segunda. *Regras especiais para o destino do superávit orzamentario das comunidades autónomas durante 2020.*

Un. En 2020 eximiranse da aplicación do superávit orzamentario nos termos que define o artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, aquelas comunidades autónomas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que rexistrasen superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional en exercicios anteriores que estea pendente de aplicación a reducir o nivel de endebedamento neto en 31 de decembro de 2019.

b) Que, como consecuencia do impacto financeiro derivado da crise sanitaria provocada pola COVID-19, prevexan liquidar o orzamento do exercicio 2020 con necesidades de financiamento en termos de contabilidade nacional.

Dous. En tales casos, o superávit a que se refire a letra a) do punto anterior poderá destinarse a atender as necesidades de financiamento do déficit que se rexistre no exercicio 2020, sempre que non incrementen o seu nivel de endebedamento neto polo importe do dito superávit no momento do peche do exercicio 2020.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de remanentes de créditos.*

As comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía poderán incorporar ao exercicio orzamentario de 2021 os remanentes dos créditos procedentes dos recursos transferidos con cargo ao Fondo COVID-19, de forma que poidan atender as obrigacións pendentes de imputar a orzamento no momento do peche do exercicio 2020.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións incluídas en normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 58/2003, do 27 de decembro, xeral tributaria.*

A Lei 58/2003, do 27 de decembro, xeral tributaria, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese un novo punto 9 no artigo 99 coa seguinte redacción:

«9. As actuacións da Administración e dos obrigados tributarios nos procedementos de aplicación dos tributos poderanse realizar a través de sistemas dixitais que, mediante a videoconferencia ou outro sistema similar, permitan a comunicación bidireccional e simultánea de imaxe e son, a interacción visual, auditiva e verbal entre os obrigados tributarios e o órgano actuante, e garantan a transmisión e recepción seguras dos documentos que, de ser o caso, recollan o resultado das actuacións realizadas, asegurando a súa autoría, autenticidade e integridade.

A utilización destes sistemas producirase cando o determine a Administración tributaria e requirirá a conformidade do obrigado tributario en relación co seu uso e coa data e hora do seu desenvolvemento.»

Dous. Introdúcese unha nova letra e) no punto 1 do artigo 151 coa seguinte redacción:

«e) Nos lugares sinalados nas letras anteriores ou noutro lugar, cando as ditas actuacións se realicen a través dos sistemas dixitais previstos no artigo 99.9 desta lei. A utilización de tales sistemas requirirá a conformidade do obrigado tributario.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e execución.*

Habíltase a persoa titular do Ministerio de Facenda, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a facenda xeral.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN